



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno para o 07.08.2025

Don **Manuel Vázquez Faraldo**, alcalde do Concello de Miño, de conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL,

RESOLVO:

CONVOCAR A SESIÓN EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello de Miño, que terá lugar o día 7 de agosto de 2025 ás 14:15 horas, no salón de plenos da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Solicitar a Excm. Deputación da Coruña unha subvención nominativa por un importe de 345.809,55 euros para a execución do proxecto de obra "Instalación de cuberta de pista polideportiva en Vilanova"
2. Aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria nº 1/2025, vía suplemento de crédito, no orzamento de gastos de 2025.
3. Aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria nº 1/2025, vía crédito extraordinario, no orzamento de gastos de 2025.

A documentación está á disposición de todos os concelleiros e concelleiras no portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario acctal. municipal

Ignacio Edreira Moreira